

Entusiamo contaxioso

A calor da palabra poética

MARÍA NAVARRO

Á obra de recoñecido prestixio de Bernardino Graña temos de engadir outros títulos de recente aparición como *Un porco con chapeu*, editado por A Nosa Terra e ilustrado pola característica proposta plástica de Anxo Fariña na que destaca o colorido e o trazo insinuante e que semella manter un esmerado diálogo co texto ao que acompaña.

A nena Manola tendo a posibilidade de deterse a descansar pensa cuns anacos de tea facer un *chapeu*. Asombrada co resultado comproba que non lle senta ben e ofrécello primeiro ao gato, logo á Raposa e máis tarde ao Carneiro. Mais será o porco quen lo acepte, quizais, porque non repara máis ca en co-

mer e co agasallo mantén a chola protexida do sol.

A historia en forma de verso e dirixida aos primeiros lectores pecha valores de deseme-

llante consideración e contaxia os receptores dunha certa alegría polo traballo ben feito, polo argumento razoado e pola utilidade das cousas aparentemente inservibles. Son versos sinxelos que achegan notas de cor musicais que remiten a realidades cotiás e que ao mesmo tempo fantasean con elementos do mundo animal. Velaí a capacidade da poesía.

Antonio García Teijeiro afirma en *A poesía necesaria* que “a calor da palabra poética, a súa intensidade ética e estética xoga un papel de equilibrio na sociedade individualista e pragmática actual.”

Pois ben, os nenos percibirán nos versos de Bernardino como o ritmo das palabras dispostas dunha forma concreta poden levar optimismo alí onde todo é monotonía e sementan no corazón das persoas unha certa cadencia de movementos vitais que nos fan sentir ben.

No fondo, é nas pequenas cousas, no disfrute do día a día e do/dos que temos ao noso redor onde radica a verdadeira felicidade. Unha felicidade tinguida de branco ou de negro segundo a ollada que deitemos sobre a realidade. Neste sentido a inocencia dos cativos pode ser enriquecida con ilusións en forma de palabras, con maxia en forma de cores ou con melodías en forma de rima e ritmo. A poesía, os poemas poden chegar a ser útiles ferramentas capaces de traspasar fronteiras e converter en soños desexos ou anhelos. Abonda con contaxiar o lector de entusiasmo e ganas de aprender. *GRAÑA, Bernardino, Un porco con chapeu (Ilustr. Anxo Fariña), Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2009, PVP. 10 €*

